



Guía Docente				
Datos Identificativos			2020/21	
Asignatura (*)	Deseño curricular e didáctica da lingua estranxeira	Código	652609921	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	Anual	Primeiro	Obrigatoria	3
Idioma	CastelánGalegoInglés			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Letras			
Coordinación	Pereira Ares, Noemí	Correo electrónico	noemi.pereira@udc.es	
Profesorado	Pereira Ares, Noemí	Correo electrónico	noemi.pereira@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Esta asignatura pretende achegar ao alumno/a as destrezas fundamentais de como deseñar o currículo e como levar a cabo as diferentes estratexias didácticas no Ensino Secundario e nas Escolas Oficiais de Idiomas nas materias de Linguas Estranxeiras.			
Plan de continxencia	<ol style="list-style-type: none"><li>Modificacións nos contidos Sen cambios.</li><li>Metodoloxías *Metodoloxías docentes que se manteñen Todas, pero adaptadas a novos formatos (Moodle / Microsoft Teams) *Metodoloxías docentes que se modifican</li><li>Mecanismos de atención personalizada ao alumnado<ol style="list-style-type: none"><li>Correo electrónico. Diariamente (luns a venres).</li><li>Moodle. Horario de aulas.</li><li>Microsoft Teams. Horario de aulas e titorías.</li></ol></li><li>Modificacións na avaliación As porcentaxes orixinais manteríanse, pero cos seguintes cambios no procedemento: ?Traballo tutelado. Os estudantes enviarían os seus traballos a través do correo electrónico ou Moodle. ?Presentación oral. Os estudantes enviarían unha vídeo gravación a través do correo electrónico ou Moodle. ?Portafolios do alumno. Os estudantes enviarían as diferentes tarefas a través de correo electrónico ou Moodle. *Observacións de avaliación:</li><li>Modificacións da bibliografía ou webgrafía Sen cambios.</li></ol>			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe	
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título



Saber estruturar axeitadamente un currículo docente dentro dos ámbito do ensino secundario ou nas EOI.	AP4 AP5 AP6 AP7 AP9 AP10 AP19 AP20		CM2
Coñecer o desenvolvemento das diferentes estratexias para realizar un currículo docente	AP3 AP4 AP5 AP6 AP7		CM2 CM6
Coñecer os diversos achegamentos técnicos e teóricos para a construción dun currículo docente.	AP5 AP6 AP19		CM2
Coñecemento do Common European Framework for Languages	AP5 AP6 AP19		CM2
Entender a trascendencia sociolóxica na elaboración do currículo docente	AP5 AP6 AP19		CM6
Coñecer as diferentes escolas e teorías para o desenvolvemento do aprendizaxe das linguas estranxeiras	AP5 AP6		

Contidos	
Temas	Subtemas
Common European Framework of Reference of Languages.	Documentación Características e Descrición
Modelos de desenvolvemento curricular.	Aproximacións aos modelos de deseño curricular. As tarefas e os proxectos.
Adquisición da competencia comunicativa.	Características e exemplos da competencia comunicativa. Outros modelos de construción curricular (constructivismo, etc).
Da competencia comunicativa ao ensino efectivo da lingua.	O ensino por competencias. A construción curricular a través das competencias.
A programación docente e o deseño curricular.	Exemplos de deseño curricular. O currículo de linguas integrado.
O concepto de 'learning sequence' dentro do deseño curricular.	Metodoloxía e práctica
O deseño curricular e os centros.	O Proxecto educativo de centro. (PEC) Currículo e programación. O contexto educativo.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Portafolios do alumno	A19 A20 C2	0	8	8
Presentación oral	A3 A5 A19 A20 C2	2	11	13
Análise de fontes documentais	A6 A7 A19 C2	0	10	10



Traballos tutelados	A4 A5 A7 A9 A19 A20 C2 C6	0	15	15
Obradoiro	A3 A4 A7 A10 A20 C2	10	11	21
Prácticas a través de TIC	C2 C6	2	0	2
Discusión dirixida	A3 A4 A5 A10 A19 C2 C6	5	0	5
Atención personalizada		1	0	1

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Portafolios do alumno	Exercicios de análise crítica de lecturas dos alumnos
Presentación oral	Exposición oral dun traballo sobre currículo ou dunha clase.
Análise de fontes documentais	Estudo de documentos oficiais, lexislativos, etc
Traballos tutelados	Realización de traballos encargados polo profesor durante o desenvolvemento da asignatura para levar a cabo a avaliación continuada dos alumnos.
Obradoiro	Moitas clases terán un formato que combina a teoría coa práctica.
Prácticas a través de TIC	Realización de exercicios con intervención das novas tecnoloxías (TICs)
Discusión dirixida	Formato de clase que implica a participación activa do alumnado en diversas tarefas e na discusión de aspectos teóricos do programa.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	Seguimento na plataforma Moodle.  Seguimento das actividades para traballar na aula.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Portafolios do alumno	A19 A20 C2	Exercicios de análise crítica de lecturas.	15
Presentación oral	A3 A5 A19 A20 C2	Presentación oral baseada no traballo tutelado.	35
Traballos tutelados	A4 A5 A7 A9 A19 A20 C2 C6	Realización dun traballo sobre currículo ou unidade didáctica.	40
Discusión dirixida	A3 A4 A5 A10 A19 C2 C6	Participación activa e realización das tarefas desenvoltas na aula.	10

Observacións avaliación
-------------------------



## OBSERVACIÓNS:

Para superar a materia é preciso realizar o traballo equivalente ou superior ao 50% das tarefas de avaliación. De non ser o caso, o/a alumno/a recibirá a cualificación de "non presentado". Así mesmo, o alumnado que non complete o traballo tutelado ou non faga a presentación oral será cualificado con "non presentado".

O alumnado deberá preparar con antelación os exercicios e as lecturas recomendadas para a posterior discusión na aula. Así mesmo, o alumnado deberá comprobar de forma regular o curso virtual da materia e o correo electrónico, medios que se empregarán para o envío de información e para a comunicación de cambios de última hora.

Penalizaranse as malas prácticas académicas (copia, plaxio, autoplaxio, etc.). Os traballos escritos poderán ser revisados a través da aplicación Turnitin que detecta citas incorrectas, plaxio e outros tipos de fraude. Se isto ocorre, aplicaranse as normas contra o plaxio. Turnitin recoñece traballos previamente realizados por outras persoas (ou polo/a propio/a estudante) nesta universidade ou noutras, ademais doutros materiais localizados en Internet.

Todas as tarefas que forman parte da avaliación deben adecuarse aos requisitos mínimos de corrección lingüística (ortografía e gramática, puntuación, concordancia, precisión léxica, ou rexistro formal) propia do nivel en lingua inglesa esperado para o alumnado deste mestrado.

Deficiencias nesta área serán penalizadas na cualificación.

O alumnado que non supere a materia en xaneiro terá outra oportunidade en xullo, seguindo o procedemento que se describe a continuación: 1) un traballo tutelado co mesmo valor porcentual (40%); 2) unha presentación oral, xa sexa en vivo ou enviada a través de vídeo gravación (35%); 3)

Tarefas que poidan suplir os exercicios realizados nos seminarios ao longo do curso (25%). Os mesmos criterios serán aplicados á convocatoria adiantada de decembro e a oportunidade de setembro.

O alumnado que oficialmente se matriculara a tempo parcial, e teña concedida unha dispensa académica, como establece a Normativa de permanencia desta universidade, será avaliado en calquera oportunidade seguindo os mesmos criterios que para a segunda oportunidade de xullo.

Os estudantes a tempo parcial que teñan concedida unha "dispensa académica" deben contactar co profesorado ao comezo do cuatrimestre para facer os axustes precisos nas distintas actividades.

## ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Existe unha oficina (ADI) na universidade especializada en ofrecer atención aos membros da comunidade universitaria con necesidades especiais. O alumnado que o desexe pode poñerse en contacto coa ADI en <http://www.udc.es/cufie/uadi/>. Tamén no teléfono 5622 ou na dirección de correo: [adi@udc.es](mailto:adi@udc.es).



<p><b>Bibliografía básica</b></p>	<p>-CANDLIN, C.N. (ed.), The Communicative Teaching of English: Principles and an Exercise Typology, Longman, Londres, 1981.- CANDLIN, Ch., Hacia la enseñanza de lenguas basada en tareas en Comunicación, Lenguaje y Educación, 7-8, pp.33-53, 1990.- ELLIS, R., Instructed second language acquisition: learning in the classroom, Cambridge, Basil Blackwell, Ma, 1990.- ELLIS, R., Understanding Second Language Acquisition O.U.P., Oxford, 1986. - ESTAIRE, S. e ZANÓN, J., El diseño de unidades didácticas mediante tareas: principios y desenvolvemento, en - GALISSON, R., D'hier à aujourd' hui, la didactique générale des langues, CLE International, París, 1980.- GALISSON, R. (ed.), Lignes de force du renouveau actuel en didactique des langues étrangères, Clé International, París, 1980.- GAONAC'H, D. (Coord.) Acquisition et utilisation d'une langue étrangère. L'approche cognitive, Hachette, París 1990.- GIACOBBE, J. "Le recours à la langue première (une approche cognitive)", en - GAONAC'H (ed.), Acquisition et utilisation d'une langue étrangère, Hachette, París, 1990.- KRASHEN, S. D., The Input Hypothesis: Issues and Implications, Longman, Londres, 1985.- VEZ, J. M., Pensar la innovación en el aula de lengua extranjera en Aula de Innovación Educativa, nº 33, pp. 5-11, 1994.- VEZ, J. M., Le véhicule de culture de proximité en J.-P. Atal et al. (coord.), Comprendre les langues, aujourd'hui, pp. 95-108, La TILV, París, 1995.- VEZ, J. M., Perspectives communicatives et développement des curricula des langues européennes en E.L.A. (Etudes de Linguistique Appliquée), nº 100, pp. 55-66, 1995.- VEZ, J. M., Planificar na aula de lingua inglesa en ADAXE, nº 11, pp. 153-164, 1995.- VEZ, J. M., Aspectos innovadores en el área de lengua extranjera en C. Rosales et al., I Congreso de Innovación Educativa, Tórculo, Ed. Santiago de Compostela, pp. 69-89, 1996.- VEZ, J. M., La intercomprensión (aprender a comprender las lenguas): Una autopista comunicativa para Europa en J. M. Oro e J. Varela (eds.), Adquisición e Aprendizaxe das linguas Segundas e as súas Literaturas, Deputación Provincial, Lugo, 1996 (en prensa).- VEZ, J. M., Mujer y desarrollo profesional: estudio de caso de una maestra de lengua inglesa en A. Marco (coord), Estudios sobre mujer, lengua y literatura, Servizo de Publicacións, Universidade de Santiago de Compostela, pp. 57-97, 1996 (en prensa).- VEZ, J.M. (dir.), English Language Modular Packs for ESO, vols. I-VII, M.E.C.-Edelvives, Zaragoza, 1995.- VEZ, J. M., As aprendizaxes de linguas estranxeiras. Avances da investigación no marco dunha dimensión europea en Revista Galega do Ensino (Xunta de Galicia), 23, pp. 115-145, 1999.- VEZ, J. M., Argumentos favorables a un pacto curricular en las áreas lingüísticas en J. A. González Riaño (coord.), Enseñances Llingüísticas y Competencias Educativas, pp. 15-39, Academia de la Llingua Asturiana, Oviedo, 2001a. - VEZ, J. M., Formación en Didáctica de las Lenguas Extranjeras.), Ed. Homo Sapiens, Rosario, Argentina, 2001b.- VEZ, J. M., TEFL as a learning profession en E. García Sánchez (ed.), Present and Future Trends in TEFL, pp. 15-30, Servicio de Publicaciones de la Universidad de Almería, Almería, 2001c..</p>
<p><b>Bibliografía complementaria</b></p>	<p>CABERO, J. (2001). ¿Tecnología educativa. Diseño y utilización de medios en la enseñanza?. Barcelona, Paidós.          COM. (2000). ¿Designing Tomorrow's Education. Promoting Innovation with New Technologies?. Informe de la Comisión para el Consejo y el Parlamento Europeo, Bruselas, 27/1/2000. GISBERT, M. (2001). ¿Nuevos Roles para el profesorado en entornos digitales?. En SALINAS, J. y BATISTA, A. (Coord.) ¿Didáctica y tecnología educativa para una Universidad en un mundo digital?. Ciudad de Panamá: Facultad de Ciencias de la Educación de la Universidad de Panamá. ICC (2002). ¿The Impact of Information and Communications Technologies on the Teaching of Foreign Languages and on the Role of Teachers of Foreign Languages?. Directorio General de Educación y Cultura, Unión Europea. LUFTI, T.; GISBERT, M. y FANDOS, M. (2001). ¿El ciberprofesor, formador en la aldea global?. En ¿Las ciencias sociales en Internet?. Mérida: Consejería de Educación, Ciencia y Tecnología. pp. 59-76.          Ali, I./Ganuzo, J.L. (1997) Internet en la educación, Anaya Multimedia, Madrid.          Andrieu, O. (1997) Cómo buscar y encontrar en Internet, Ediciones Gestión 2000, Barcelona. Arnanz, C. (22/04/1998) Enredar en Inglés, Aprender Idiomas sin esfuerzo, ABC Informática, pp. 30-31. Barron, A. (1998) "Designing Web-based Training", en British Journal of Educational Technology, Vol. 29, no.4, pp. 355-370, Blackwell, London (UK). Collis, B. (1996) Tele-learning in a Digital World: The Future of Distance Learning. Thomson Computer Press, Oxford (UK). Kearsley, G./Hunter, B./Furlong, M. (1992) We teach with Technology: New Visions for Education, Franklin, Beedle &amp; Associates, Oregon (EEUU)</p>

**Recomendacións**

**Materias que se recomenda ter cursado previamente**



<b>Materias que se recomenda cursar simultaneamente</b>
<b>Materias que continúan o temario</b>
<b>Observacións</b>
A lingua das clases, exames e traballos será o inglés.Os alumnos que non podan asistir a algunha das sesións deberán xustificar a súa ausencia axeitadamente. Non se admitirá a non asistencia a acase agás completamente certificada.&nbsp;Recoméndase os envíos dos traballos telematicamente e se non é posible, non utilizar plásticos, elixir a impresión a dobre cara, empregar papel reciclado e evitar imprimir borradores.Débese facer un uso sustentable dos recursos e a prevención de impactos negativos sobre o medio natural.Débese ter en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores da sustentabilidade nos comportamentos persoais e profesionais.

(\*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías